

## **O BARCO DE VALDEORRAS**

### **ANUNCIO**

O Pleno do Concello aprobou definitivamente na sesión do 5 de decembro de 2002 a “Ordenanza de venda ambulante”. En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, publícase integramente o seu texto.

O Barco de Valdeorras, 16 de setembro de 2002. O alcalde.

### **Ordenanza de venda ambulante**

#### **Artigo 1. Obxecto**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación das condicións e requisitos que deben cumprirse para o exercicio da venda ambulante no termo municipal do Barco de Valdeorras e dítase ao abeiro do establecido nos artigos 25-2 g) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Decreto 194/2001 do 26 de xullo e demais disposicións aplicábeis.

#### **Artigo 2. Concepto**

1.- Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de xeito habitual, ocasional, periódico ou decontino, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontábeis ou transportábeis, incluíndo os camións-tenda.

2.- Non teñen a consideración de venda ambulante as vendas realizadas dentro de locais ou recintos ocupados por un certame feiral.

#### **Artigo 3.**

Queda prohibido en todo o termo municipal o exercicio da venda ambulante, calquera

que for a modalidade, sempre que non se axustar ao disposto na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, e as normas fixadas na presente ordenanza.

#### **Artigo 4.**

1.- Non se permitirá en ningún caso a colocación de postos nas beirarrúas que estorben o paso aos locais comerciais, diante dos escaparates, nos accesos a edificios públicos ou privados, nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

2.- Os postos de venda instalados nas beirarrúas ou nas vías públicas que vulneren o establecido no apartado anterior serán retirados inmediatamente pola Policía Local.

#### **Artigo 5.**

Considérase venda ambulante para os efectos desta ordenanza:

- a) A realizada en feiras e mercados que teñan lugar en sitios fixos e cunha periodicidade determinada.
- b) A venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- c) A venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar co gallo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- d) A venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada polos devanditos medios e autorizada nas zonas ou lugares determinados.

#### **Artigo 6.**

A presente ordenanza seralles de aplicación subsidiaria, á falta dunha normativa expresa debidamente aprobada polo Concello, ás modalidades de venda que a seguir se citan:

- a) Aos mercados, cos postos de venda non fixos, que se organicen co gallo de festas locais ou acontecementos populares de carácter anual.
- b) Á venda organizada co gallo de acontecementos deportivos, musicais e similares, sempre que foren produtos directamente relacionados co evento de que se trate e se leve a cabo exclusivamente no transcurso destes.
- c) Á venda realizada por organismos ou entidades legalmente recoñecidas, que non teñan ánimo de lucro, e que persigan obxectivos políticos, sindicais, relixiosos ou cívicos relacionados coa consecución das súas finalidades específicas.
- d) Ás realizadas co gallo de eventos expositores ou de promoción de actividades de carácter cultural, tales como feiras do libro ou semellantes.
- e) Á venda ambulante realizada mediante vehículo-tenda que se permitirá cando se axuste ao previsto na presente ordenanza e na Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, nos núcleos de poboación do Concello, sempre e cando se trate de produtos dos que a poboación, en cada caso concreto, non estea abastecida.

## **Artigo 7.**

1.- A venda ambulante desenvolverase con carácter xeral no mercado periódico que se sitúa na praza de Ramón Otero Pedraio e mais na avda. de Elena Quiroga, o día 6 de cada mes.

2.- O mercado ha durar dende as 8.00 ás 15.00 horas, ambas as dúas incluídas.

3.- Fóra destas zonas só se autorizarán situacións de carácter excepcional por festas ou acontecementos singulares, así como aqueloutros que se refiran a produtos de temporada (xeados, castañas, churros, etc.) ou vencellados a unhas determinadas datas (flores nas proximidades do cemiterio, etc.)

4.- A venda directa realizada polos labregos dos seus propios produtos pode ser autorizada polo Concello tanto nos mercados periódicos como nos ocasionais.

## **Clase de licenzas.**

### **Artigo 8.**

Poderanse outorgar licenzas para o exercicio das seguintes actividades:

- a) Licenzas para a venda de artigos de temporada, con localización nunhas zonas ou lugares concretos e por un tempo determinado.
- b) Licenza para a venda na vía pública durante un tempo determinado ou nuns puntos ou zonas previamente sinaladas.
- c) Licenza para o exercicio de actividades como as de afiador, fotógrafo ou limpabotas, etc.
- d) Licenza para a venda de produtos non previstos nos apartados anteriores, coa excepción da de toda clase de produtos alimentarios, que queda prohibida en conformidade coa regulamentación que recolle a normativa vixente.
- e) Licenza para a repartición, a distribución e a difusión publicitaria.

## **Produtos autorizados.**

### **Artigo 9.**

Só se poderán expoñer e vender produtos autorizados, tales como artigos téxtiles de todo tipo, de pel de artesanía, bixutería, calzado, de ornato de pequeno volume, antigüidade, libros, aparellos de radio, cintas de música, CD ROM, utensilios de cociña e mesa, utensilios e maquinaria agrícola, de ferraxaría e bricolaxe, mobiliario de pequeno volume, plantas, flores e outros análogos aos citados.

### **Artigo 10.**

Non se poderán vender aqueles produtos que prohibe a normativa reguladora de acordo co establecido no art. 8 do Real decreto 1010/1985.

### **Artigo 11.**

1.- Queda prohibida a venda de carne fresca, refrixerada ou conxelada, peixe ou mariscos frescos, refrixerados ou conxelados, leite e os seus derivados, produtos de confeitaría e panadaría, semiconservas, e en xeral calquera produto de alimentación.

2.- Non obstante, poderase permitir a venda dos produtos anteriormente citados cando se dispoña dunhas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados, o que ha requirir, en calquera caso, un informe previo dos servizos veterinarios de saúde pública.

## **Requisitos para o exercicio da venda ambulante.**

### **Artigo 12.**

1.- A venda ambulante soamente se poderá efectuar nos lugares ou nas zonas autorizadas, nas datas e polo tempo que se determina na presente ordenanza e con respecto aos produtos que, sen teren prohibida a súa venda baixo este réxime, figuren expresamente na correspondente autorización municipal.

2.- Para o exercicio da venda ambulante esixírase o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar inscrito no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo.
- b) Estar dado de alta e ao corrente no pagamento do imposto de actividades económicas.
- c) O aboamento previo ao Concello das taxas previstas na correspondente ordenanza municipal.
- d) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizacións no devandito réxime.
- e) Estar debidamente identificado como comerciante ambulante, nos termos previstos no artigo 11 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, da Xunta de Galicia, de ordenación da venda ambulante.
- f) No caso de estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- g) Dispor da correspondente autorización municipal.
- h) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto da venda.

## **Autorización municipal.**

### **Artigo 13.**

Para o outorgamento da autorización municipal de venda ambulante, o interesado deberá presentar:

1.- Solicitude subscrita pola persoa interesada ou o seu representante legal, presentada no Rexistro Xeral de documentos do Concello, dirixida ao Sr. alcalde, na que fará constar os seguintes datos:

- a) O nome e apelidos ou a denominación social, o domicilio e mais o DNI do titular da autorización.
- b) A modalidade de venda ambulante que se solicita das recollidas no Art. 6 desta ordenanza e o lugar de entre os lugares autorizados en que se pretende desenvolver a actividade.

- c) As mercadorías que se van vender.
- d) O tempo polo que se solicita a autorización.
- e) A determinación das dimensións, os días, as horas e a frecuencia para a que se solicita a venda ambulante.
- f) A determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.

2.- O interesado achegará na súa solicitude a seguinte documentación:

- a) Unha fotocopia do DNI/CIF ou do pasaporte.
- b) Unha fotografía de tamaño carné.
- c) Unha fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa da súa inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- d) O xustificante de estar ao día no pagamento das súas cotizacións á Seguridade Social.
- e) O xustificante de estar ao corrente no pagamento do imposto do IAE.
- f) O xustificante do aboamento da taxa prevista na ordenanza correspondente.
- g) Unha declaración xurada de reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda e non realizar actividades con produtos prohibidos.
- h) No caso de venda ambulante de produtos alimentarios, carné de manipulador de alimentos.
- i) Unha declaración expresa na que o solicitante manifesta coñecer as normas ás que se debe axustar a súa actividade e que se obriga ao cumprimento da normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

#### **Artigo 14.**

1.- A autorización municipal que se outorgue deberá conter os datos esixidos no art. 14 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

2.- A autorización municipal da venda ambulante será persoal e intransferíbel. Non obstante, e consonte co que nela se determine, a autorización habilitará, ademais do seu titular, o cónxuxe ou compañeiro/a deste, os seus descendentes directos maiores de 16 anos e as persoas vencelladas a el mediante contrato laboral.

#### **Artigo 15.**

O Sr. alcalde será o competente para autorizar a venda ambulante en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza.

#### **Vixencia.**

#### **Artigo 16.**

1.- As autorizacións terán, con carácter xeral, unha vixencia anual, serán renovábeis e manteranse invariábeis, á marxe da posíbel revogación prevista no artigo 17 desta ordenanza, mentres non se efectúe un cambio nas condicións que son obxecto da concesión indicadas nelas, caso no que se expedirá unha nova autorización polo tempo de vixencia que lle reste á anterior.

2.- Na renovación anual da licenza exporase o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 12 e será condición indispensábel para esta non estar o interesado incurso en expediente disciplinar ou ser debedor por unha sanción imposta anteriormente.

3.- A renovación deberase facer cunha antelación mínima de 20 días hábiles respecto daquel en que venza o período de vixencia.

4.- As licenzas que se concedan para o exercicio da venda ambulante co gallo de festas populares, feiras ou mercados ocasionais e nos supostos sinalados no artigo 8 da presente ordenanza, terán a duración que se especifique na correspondente autorización. Nestes casos a autorización deberase solicitar cunha antelación de 15 días antes do comezo da actividade.

## **Revogación das autorizacións.**

### **Artigo 17.**

1.- Ademais das causas previstas no artigo 16 do Regulamento de servizos das corporacións locais vixente, son causas de revogación das autorizacións:

- a) A ausencia do posto durante máis de 3 días de mercado no semestre, ou 4 días no ano no período da autorización, do titular ou das persoas ás que se refire o artigo 13.1.f) sempre e cando non xustificasen abondo a súa falta de asistencia.
- b) A retirada da tarxeta acreditativa da inscrición do comerciante no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- c) A comisión dunha infracción cualificada como moi grave.
- d) Calquera outra causa que viñer establecida legal ou regulamentariamente.

## **Extinción das autorizacións.**

### **Artigo 18.**

As autorizacións extínguense ao dárense algúns dos seguintes supostos:

- a) A xubilación do titular.
- b) O seu falecemento.
- c) A incapacidade permanente do titular.
- d) A renuncia.
- e) A revogación.
- f) A suspensión da modalidade do comercio de que se trate.
- g) A extinción do prazo da autorización de venda ambulante.

## **Requisitos para o exercicio da actividade.**

### **Artigo 19. Requisitos de identificación.**

1.- Quen exerza o comercio ambulante deberá ter expostos os seus datos de identificación e domicilio de xeito que resulten facilmente visíbeis para o público.

2.- A identificación do comerciante ambulante farase efectiva mediante a exhibición da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes e da autorización outorgada polo Concello, ou de copias compulsadas delas. Os devanditos documentos estarán colocados do xeito que resulte máis adecuado para os efectos de información xeral e a súa propia comodidade persoal.

3.-No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda e de postos desmontábeis cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberán figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, xa impresos directamente, xa mediante carteis adheridos, e coas dimensións e características necesarias para que resulten perfectamente visíbeis para o público.

## **Artigo 20. Requisitos dos postos de venda.**

1.- A venda ambulante exercerase en puntos de venda desmontábeis ou transportábeis, ou en camións ou vehículos tenda que ofrezan as condicións de seguridade e hixiene esixidos pola normativa específica vixente e cumpran, no último caso, coa normativa de tráfico e transportes.

2.- Queda totalmente prohibida a exposición de mercadorías no chan, agás de se tratar de plantas, flores, cerámica, apeiros de labranza, mobles, antigüidades ou similares, caso este en que se colocará un plástico no chan.

## **Artigo 21.**

Os postos de venda instalaranse no lugar ou lugares que especifique o Concello. Non se poderán situar no acceso a edificios de uso público, establecementos comerciais nin en lugares en que dificulten o acceso ou a circulación peonil ou rodada.

## **Artigo 22.**

1.- A autorización para o exercicio da venda ambulante non lle dará ao seu titular dereito a realizar ningunha ocupación superficial que non se corresponda coa concedida.

2.- Só se permitirá a instalación dun posto por autorización expedida.

3.-Todos os vendedores deberán respectar rigorosamente as dimensións asignadas ás súas instalacións.

4.- Queda prohibida a utilización de megafonía, que poida ser molesta, para anunciar a venda de produtos reclamando a atención dos consumidores.

## **Obrigas do titular da autorización.**

### **Artigo 23.**

O titular da autorización está obrigado durante o exercicio da actividade:

- a) A vender só os produtos para os cales solicita a licenza.
- b) Os pesos e as medidas que puidese empregar deberán estar debidamente contrastados polo servizo correspondente da Delegación Provincial da

Consellería de Industria e Comercio.

- c) A observar as normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- d) A manter as instalacións, os postos e os demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade e hixiene, de conservación e de limpeza, e deberán responder dos danos que se poidan producir polo deterioro das beirarrúas, paredes, árbores, plantas, xardín, farois ou calquera outro tipo de instalacións na zona de venda.
- e) A se identificar na forma establecida no artigo 19 desta ordenanza.
- f) A deixar os espazos ocupados libres de refugallos ao remate da xornada comercial.
- g) A amosar a factura de compra dos produtos a requirimento das autoridades municipais.
- h) A colocar e empregar recipientes de lixo para o uso propio e dos clientes.

#### **Artigo 24.**

Queda terminantemente prohibido durante o exercicio da venda ambulante:

- a) Producir ruídos, berros ou música que incumpra a normativa sobre protección contra a contaminación acústica, ou actividades que poidan cualificarse como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas ou que atenten contra a orde pública, o libre comercio e os bos costumes.
- b) Traspasar ou ceder a licenza, así como cambiar a localización das instalacións ou ampliar sen autorización municipal e estender as mercadorías fóra dos límites do posto.
- c) O exercicio da calquera actividade ou comercio que contraveña o establecido neste regulamento.

#### **Inspección.**

##### **Artigo 25.**

1.- Correspóndelle ao Concello do Barco de Valdeorras a inspección e a sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

2.- A función de inspección realizarase comprobando que se leva a cabo a venda dos produtos autorizados, que se ocupa a superficie concedida, que se está ao corrente dos tributos reportados, que se cumpre a normativa desta ordenanza e que o ocupante do posto é o titular da autorización ou algunha das persoas previstas no artigo 13 desta ordenanza.

#### **Infraccións e sancións.**

##### **Artigo 26.**

O incumprimento das normas recollidas na presente ordenanza municipal dará lugar á

incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

## **Artigo 27.**

1.- No exercicio e no desenvolvemento da venda ambulante os titulares das licenzas municipais outorgadas poderán incorrer na comisión de faltas leves, graves e moi graves.

2.- Son faltas leves:

- a) O incumprimento do horario.
- b) A colocación de mercadorías fóra da zona autorizada.
- c) A falta de limpeza das instalacións e da zona circundante inmediata a estas, durante o exercicio da actividade e ao seu remate.
- d) Provocar discusións ou liortas leves.
- e) Utilización de megafonía no exercicio da actividade.

3.- Son faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces de faltas de carácter leve.
- b) O incumprimento das normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos auxiliares.
- c) A venda de produtos para os cales non estiver autorizado.
- d) Ocupar unha superficie superior á autorizada de xeito repetido, cando menos dúas veces.
- e) A instalación do posto ou a venda dende un vehículo-tenda, nun lugar diferente do autorizado.
- f) O exercicio da actividade sen autorización.
- g) O exercicio da actividade por unha persoa distinta da autorizada.
- h) Non xustificar mediante a factura correspondente a procedencia das mercadorías.
- i) A falta de pagamento da taxa municipal pola ocupación da vía pública.
- l) Non exhibir a autorización municipal a requirimento da autoridade que o solicite.
- m) A venda de produtos estragados, defectuosos ou trucados en peso e prezo, para obter un exceso de beneficio.
- n) A provocación de liortas ou incidentes dentro do recinto do mercado que deban ser cualificados como graves.
- ñ) A non ocupación do posto durante o período sinalado no artigo 17-b) desta ordenanza.
- o) A desobediencia ás ordes e indicacións da Policía Local ou os funcionarios facultados.

4.- Son faltas moi graves:

- a) As ofensas de palabra ou obra aos axentes da autoridade ou funcionarios.
- b) Discutir, pelexar ou xerar liortas cos demais vendedores ou co público, alterando a orde pública.
- c) A venda de produtos alimentarios en mal estado e con evidente risco de prexuízo para a saúde.
- d) O exercicio da venda ambulante sen os debidos permisos de traballo ou de residencia.
- e) O desenvolvemento durante o exercicio da venda ambulante de actividades que teñan a consideración de delito no Código Penal.
- f) A desobediencia reiterada aos axentes da autoridade.
- g) Ser sancionado con anterioridade pola comisión de tres faltas leves.
- h) A reiteración de calquera falta grave.

### **Imposición de sancións.**

#### **Artigo 28.**

Coa tramitación previa do oportuno expediente, a Alcaldía poderá impoñer as seguintes sancións.

- a) Faltas leves: multa como mínimo de 60 € e como máximo de 150 €.
- b) Faltas graves: multa como mínimo de 151 € e como máximo de 300 €, e poderase acordar a suspensión temporal da licenza municipal outorgada, por un período de ata 6 meses.
- c) Faltas moi graves: pode ser sancionada cunha multa de 301 € a 600 €, a suspensión temporal da licenza por un período superior aos 6 meses ou a revogación da autorización de venda.

#### **Artigo 29.**

Como medida precautoria poderanse intervir cautelamente as mercadorías cando das dilixencias practicadas se presuma o incumprimento dos requisitos mínimos esixidos para a súa comercialización, e procederase ao seu comiso no caso de ofrecer un risco sanitario ao xuízo da autoridade competente.

### **Disposicións transitorias.**

Primeira: para a ocupación dos postos teñen preferencia os vendedores que na actualidade veñen exercendo as súas actividades na zona en que se desenvolve o mercado dos días 6.

Segunda: calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza ficará sen efectos transcorridos dous meses dende a súa entrada en vigor. Dentro deste prazo os actuais titulares poderán solicitar autorizacións adaptadas ás prescricións desta, para o cal deberán presentar a correspondente solicitude cos datos

que se indican no artigo 13 da presente ordenanza.

### **Disposicións adicionais.**

Primeira: a venda dende vehículos só se poderá realizar cando sexa necesario refrixerar os produtos ou a modalidade da venda dependa da mecanización do vehículo.

### **Disposición derradeira.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

**R. 14.569**

\* \* \*

[*Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, núm. 97. Venres, 28 de abril de 2006]

## **ENTIDADES LOCAIS**

### **O Barco de Valdeorras**

#### **Anuncio**

Despois da aprobación inicial, o día 2 de febreiro de 2006, da modificación da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, nos seus artigos 14.2º e 24.b), e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións nin alegacións, de conformidade co que dispón o artigo 49 da Lei 7/1985, publícase o texto íntegro da modificación, para os efectos da súa entrada en vigor no prazo do artigo 65.2 da Lei 7/1985.

**Modificación da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante**, nos seus artigos 14.2º e 24 b):

#### **Artigo 14, punto 2º:**

A autorización municipal da venda ambulante será, con carácter xeral, persoal e intransferíbel.

Non obstante, permitirase, por unha soa vez por licenza, a transmisión da autorización de pai/nai a fillo/a. O/a fillo/a adquirente deberá ter os mesmos requisitos e achegar a mesma documentación que resulta esixíbel para o outorgamento da autorización.

Tamén, e conforme co que nela se determine, a autorización habilitará, ademais do seu titular, o cónxuxe ou compañeiro/a deste, os seus descendentes directos maiores de 16 anos e as persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.

**Artigo 24, letra b):**

b) Traspasar ou ceder a licenza, salvo as previsións do artigo 14.2, así como cambiar a localización das instalacións ou ampliar sen autorización municipal e estender as mercadorías fóra dos límites do posto.

O Barco de Valdeorras, 10 de abril de 2006. O alcalde.

**R. 1.779**

\* \* \*